

**PANEL DE EMPRESAS DE FERROL**  
MICR@WEB PEME



**Concello de Ferrol**  
Promoción Económica e Emprego



## Que é Micr@web PEME ?

**Micr@web PEME** está dirixido ás empresas localizadas no Concello Ferrol, e consiste en ofrecer, de xeito **gratuíto**, a presenza web mediante a creación dun miniespazo web para a promoción da súa actividade, marca e servizos, baseado nunha serie de plantillas e nunha estrutura de contidos estándar.

Esta actuación desenvólvese no marco do proxecto **Rede Local de Innovación Empresarial** impulsado polo Concello de Ferrol e cofinanciado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Os miniespazos web das empresas serán accesibles dende a plataforma da Rede Local de Innovación Empresarial.

## Como participar?

Esta actuación está reservada **en exclusiva** ás empresas que colaboren e participen no **Panel de Empresas de Ferrol**. O Panel de Empresas de Ferrol é un instrumento de estudo de carácter continuo e permanente que servirá para coñecer as necesidades, demandas e cambios que experimentan as empresas no ámbito municipal. O *Micr@web PEME* manterase durante o período de alta no panel, finalizando este servizo no momento da baixa no mesmo.

## Como facerse membro do Panel de Empresas?

A adhesión ao Panel de Empresas realizarase mediante inscrición para o que se empregará un **formulario** onde se recollerán datos básicos da empresa. Solicita información no Centro de Emprego do Concello de Ferrol:



R/Sagrada Familia, 56 - 15405 FERROL

T 981 94 41 95 - F 981 94 50 58

emprego@ferrol.es

## Como conseguir un Micro@web PEME?

Unha vez completado o proceso de adhesión ao panel, procederase a enviar por email á empresa un correo de confirmación de interese no micrositio e solicitando a información que a empresa desexa incluír na web segundo a plantilla de contidos estándar. Incorporada á web esta primeira información proporcionada pola empresa, o responsable da mesma recibirá os datos de acceso para administrar o seu espazo e a información necesaria para mantelo actualizado permanentemente.